

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2012.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Jose Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D. José Manuel González Alvarez

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Secretario:

D. Luís M^a Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Ausente:

D^a Ana María Abad López

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día vinteito de setembro de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora D^a Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión ordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 6 de agosto de 2012.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da devandita sesión.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE D. BEGOÑA DAYAN MARIÑO RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DE EDIFICACIÓN AUXILIAR EN VENTOSELLE-RIGUEIRA.

Vista solicitude formulada por D^a. Begonia Dayan Mariño con D.N.I nº: 33.993.614 M con domicilio en O Torno, 3 2º (27880 Burela) para realización de obras de construción de edificación auxiliar en Ventoselle.- polígono Nº 77.-parcelas 18-19 y 20.- Expediente 2546/12. Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado pola arquitecta Dona Patricia Vázquez Mille, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo non Urbanizable de Núcleo Rural Tradicional e de Expansión, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicada no B.O.P do 14 de xullo de 2012. Núcleo rural de Ventoselle.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- As obras que se pretenden, no que á súa construción se refire e a os materiais a empregar, adaptaranse en todo, ao previsto nos artigos 33 e 34 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002, e no que ás condicións de edificación se refire, poderase edificar de acordo co previsto no artigo 44.2, desta Lei.
- Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado correspondente ao cumprimento da Normativa urbanística municipal, xustifícase o cumprimento da Normativa para a edificación que se pretende levar a cabo.
- Respetarase ó primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras correspondentes a edificación auxiliar ao previsto no Artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
- A cuberta deberá ser de lousa de pizarra.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa constructora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.

CONCELLO DE XOVE

- Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.
- As edificacións auxiliares computarán edificabilidade en tódolos casos (Art.46.6.a) da LOUGA e poderase pegar a edificación principal, sempre que non desvirtúe a propia edificación.

De acordo co anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 3.856,32€.- salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 77,13€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses , e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.2) SOLICITUDE DE D. JOSE PABLO COCIÑA SOTO RELATIVO A EDIFICACIÓN AUXILIAR EN VIVENDA SITA EN CAMBA 15 XUANCES.

Vista solicitude formulada por D. José Pablo Cociña Soto con D.N.I nº: 77.591.653A con domicilio en Camba Nº 15 (Xuances) para realización de obras de edificación auxiliar en vivenda sita en Camba, 15 Xuances. Polígono Nº 21.-Parcela 830.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico Don Tomás Rodríguez Rapa, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como solo non Urbanizable de Núcleo Rural Tradicional, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicada no B.O.P do 14 de xullo de 2012. Núcleo rural de Camba.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- As obras que se pretenden, no que á súa construción se refire e a os materiais a empregar, adaptaranse en todo, ao previsto nos artigos 33 e 34 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, e no que ás condicións se edificación se refire, poderase edificar de acordo co previsto no artigo 44.2, desta Lei.
- Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.2.3 y 1.2.3.3 correspondente ao cumprimento da Normativa urbanística municipal, xustifícase o cumprimento da Normativa para a edificación que se pretende levar a cabo.
- Respetarase ó primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras correspondentes a edificación auxiliar ao previsto no Artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
- A cuberta deberá ser de lousa de pizarra.

CONCELLO DE XOVE

- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.
- Previo ao inicio das obras solicítase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de levantar a correspondente Acta de reformulo da edificación así como o estado orixinario da parcela e da edificación principal, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de nave auxiliar, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.
- 7º.-As edificacións auxiliares computarán edificabilidade en tódolos casos (Art.46.6.a) da LOUGA e poderase pegar a edificación principal, sempre que non desvirtúe a propia edificación.

De acordo co anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 3.550,00€.- salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 71,00€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

C) CONTAS E FACTURAS

C.1) INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES ÓS MESES DE XULLO-AGOSTO-SETEMBRO DE 2012.

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das indemnizacións por razón de servizo da Alcaldía, correspondentes ós meses de xullo, agosto e setembro de 2012 por importe de 736,24 €.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) AXUDA DE GANDERÍA A D. JOSÉ ANTONIO FRA MÍGUEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. José Antonio Fra Míguez con D.N.I. nº 33.839.796-B, con domicilio en Ponte do Carro, 2 (27879 Rigueira) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.2) AXUDA DE GANDERÍA A Dª MARÍA JOSEFA COUSO GARCÍA.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª María Josefa Couso García con D.N.I. nº 10.792.753-A, con domicilio en Loureiro, 2 (27879 Monte) por morte de unha vaca de 9 anos de idade, por importe de 300,00€.

D.3) AXUDA DE GANDERÍA A “A MARIÑA S.C.”.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

CONCELLO DE XOVE

- A “A Mariña S.C.” con CIF J27391556, con domicilio en Beltrán, 3 (27878 Lago) por morte de unha vaca de 10 anos de idade, por importe de 200,00€.

D.4)AXUDA DE GANDERÍA A D^a SARA GÓMEZ GÓMEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D Sara Gómez Gómez con D.N.I. nº 76.563.736-W, con domicilio en Cabo, 8 (27878 Sumoas) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.5)AXUDA DE GANDERÍA A D^a JOSEFA GONZÁLEZ PARAPAR .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Josefa González Parapar con D.N.I. nº 33.993.607-K , con domicilio en Loureiros, 55 (27877 Xuances) por morte de unha xata ó nacer por importe de 120,00€.

D.6 SOLICITUDE DE D. ANTONIO YAÑEZ NUÑEZ DE VADO PERMANENTE EN CALLE ACCESO GRUPO ESCOLAR Nº 24.-XOVE.-

Vista solicitude formulada por D. Antonio Yañez Nuñez con D.N.I. nº: 33.819.521E con domicilio en c/ Acceso Grupo Escolar Nº 24.-Xove que solicita un vado permanente para unha entrada de vehículos en c/ Acceso Grupo Escolar Nº 24.-Xove con unha anchura de 3 metros.- Expediente:2255/12

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal que sinala o seguinte:

- *Infórmase favorablemente a concesión do vado que se solicita, sempre e cando non afecte o acceso a terceiros.*
- *O rebaixe e pintado de beirarrúa efectuarase de acordo coas prescricións técnicas municipais, non podendo iniciarse os traballos, en tanto en canto non se reformule por parte dos servizos técnicos deste concello, dito vado.*
- *Se as obras realízanas os servizos de obras municipais ó custo dos traballos rexiranse de acordo co vixente acordo regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acorda :

1º) Conceder o vado permanente solicitado.

2º) Previo ó inicio das obras por parte dos Servizos Municipais, deberá aportar nas oficinas municipais o pertinente xustificante bancario do pago da liquidación practicada.

D.7) SOLICITUDE DE D. JOSÉ LOUZAO QUELLE PARA A BAIXA DO VADO PERMANENTE Nº 81 EN AVDA. DIPUTACIÓN-XOVE.

Visto escrito de D. José Louzao Quelle, con DNI 33797552-H con domicilio en Carballás, 7 (27870 Xove) no que solicita a baixa do vado permanente nº 81 sito en Avda. Deputación, 35 de Xove porque xa non lle resulta de utilidade; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Autorizar a baixa do vado permanente nº81 de titularidade de D. José Louzao Quelle

2º) A notificación do presente acordo ós servizos municipais así como ó interesado, os efectos procedentes.

D.8) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN AO CENTRO SOCIAL DE LAGO DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a. Eva Gloria García Pereira con D.N.I. nº 33998242- X, con domicilio en C/ Camiño Apeadero,35 – 2ºA (27870 Xove) na que manifesta que transcorridos seis meses de exercicio da actividade , **dende o 01/02/2012 o 31/07/2012**, iniciada a partir del 01-02-2008, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de

CONCELLO DE XOVE

conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade co acordo de 27 de decembro de 2007, a tenor do cal se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 2.400,00€, e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.200,00€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederáse no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.9) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO SOCIAL DE A VARA-XUANCES, DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a Maribel Guerreiro Abad, con D.N.I. nº: 76.563.291 - V, con enderezo no Centro Social de A Vara (27877 Xuances), na que manifesta que durante o período comprendido entre o **01/02/2012 ó 31/07/2012**, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade cos acordos de 14 de decembro de 1998 e 13 de xaneiro de 1999 a tenor dos cales se establece a subvención máxima a percibir por importe de 2.102,34€ e visto que transcorreron outros seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.051,17€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederáse no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.10) ESCRITO DA U.D. XOVE-LAGO PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO 30% RESTANTE DE PAGO

Visto o escrito presentado pola U. D. Xove-Lago con CIF G-27144023 e domicilio a efectos de notificación en c/ Acceso Campo de Fútbol, S/N (27870 Xove) no que se presenta a documentación xustificativa da axuda concedida por importe de 40.000€ pola XGL na súa sesión de data 9 de febreiro de 2012 para actividades de competición e deportivas.

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito comprometido no presuposto Municipal; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.

2º) O libramento do 30% restante da axuda concedida, e que ascende a 12.000€. Dito libramento queda condicionado non obstante e de acordo coa base nº 47 da Execución do Orzamento Municipal para 2012, á presentación antes do 20 de decembro de 2012 dos documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante.

CONCELLO DE XOVE

D.11) ACORDO RELATIVO Á CONCESION BECAS E AXUDAS O ESTUDIO, CORRESPONDENTES O CURSO 2011-2012. (AXUDAS DE TRANSPORTE E COMEDOR)

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe emitido pola Traballadora Social relativo as solicitudes formuladas en relación a becas e axudas ó estudo, nos apartados 5 e 6 da convocatoria, que fan referencia ás axudas para transporte e comedor.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase a aprobación das concesións e denegacións de axudas que se reseñan de seguido, **condicionado o libramento das mesmas a que se atope ó corrente das súas obrigas tributarias con esta Entidade**, sen o cal non se poderá efectuar este libramento.

	<i>NOME</i>	<i>TIPO</i>	<i>IMPORTE</i>
1	Yago Fernández Paleo	Transporte	300,00€
2	Tirso Romero Ben	Transporte	300,00€
3	Sofía Canoura Franco	Transporte	300,00€
4	Abraham Santos Louzao	Transporte	300,00€
5	Sandra Fraga Ben	Transporte	300,00€
6	Javier García Pardo	Transporte	300,00€
7	M ^a Carmen Fernández Mariño	Material e Transporte	425,00€

D.12) APROBACIÓN DE XUSTIFICACIÓN DE GASTO DE AXUDA PARA ACONDICIONAMENTO DE CONTORNO DE VIVENDA HABITADA INSTADA POR D.^a CARMEN PITA BEN

Visto informe do expediente respectivo emitido polo Arquitecto Técnico Municipal e de conformidade co acordo de 19 de agosto de 2011 da Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase aprobar a xustificación documental do gasto da axuda concedida a D.^a Carmen Pita Ben con D.N.I. nº 33.783.422-X con domicilio en Toimil, 15 (27877 Xuances) por importe de 300,51€ e o seu libramento á interesada, condicionado a que se atope ó corrente das súas obrigas tributarias con esta Entidade.

D.13) APROBACIÓN DE XUSTIFICACIÓN DE GASTO DE AXUDA PARA ACONDICIONAMENTO DE CONTORNO DE VIVENDA HABITADA INSTADA POR D. M^a RITA GARCIA DOMINGUEZ

Visto informe do expediente respectivo emitido polo Arquitecto Técnico Municipal e de conformidade co acordo de 27 de decembro de 2012 da Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase aprobar a xustificación documental do gasto da axuda concedida a D^a M^a Rita García Domínguez con D.N.I. nº 33.704.951-C con domicilio en Portocelo, 1 (27877 Portocelo) por importe de 300,51€ e o seu libramento á interesada, condicionado a que se atope ó corrente das súas obrigas tributarias con esta Entidade.

D.14) APROBACIÓN DE XUSTIFICACIÓN DE GASTO DE AXUDA PARA ACONDICIONAMENTO DE CONTORNO DE VIVENDA HABITADA INSTADA POR D^a MARÍA PEDRE RODRIGUEZ.

Visto informe do expediente respectivo emitido polo Arquitecto Técnico Municipal e de conformidade co acordo de 19 de agosto de 2011 da Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase aprobar a xustificación documental do gasto da axuda concedida a D^a María Pedre Rodríguez con D.N.I. nº 33.705.013-P con domicilio en Penasagudas, 1 (27879 Rigueira) por importe de 300,51€ e o seu libramento ó interesado, condicionado a que se atope ó corrente das súas obrigas tributarias con esta Entidade.

CONCELLO DE XOVE

D.15) AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A D. MARCELINO VARGAS SALAZAR PARA ALIMENTOS.

Vista solicitude formulada por D. Marcelino Vargas Salazar con D.N.I. nº33.995.334-T con domicilio en Urbanización Palmeiro, 62 2º Dcha (27879 Rigueira-Xove)

Vista a convocatoria da axudas de emerxencia social aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 9 de febreiro de 2012 e as bases reguladoras da concesión das devanditas axudas, aprobadas igualmente na mesma sesión da Xunta de Goberno.

Visto o Informe-Proposta de Resolución emitido pola traballadora social do Concello.

Vista a existencia de crédito orzamentario na partida 231.480 do Estado de Gastos do vixente orzamento municipal para 2012.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

- 1º) O libramento dunha axuda a favor de D. Marcelino Vargas Salazar para o abono de alimentos e por importe de 150,00 €.
- 2º) De acordo coa Base Undécima das que regulan as axudas de emerxencia social, o pago realizarase de unha soa vez e deberá estar xustificado en todo caso antes da finalización do exercicio.
- 3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.
- 4º) Establecer, consonte ao disposto na Base Décimoprimeira o seguinte réxime de xustificación da subvención:

As axudas concedidas xustificaranse mediante factura (ou documento xustificativo equivalente) do gasto realizado no concepto para o que foran concedidas.

Deberá aportarse ademais a seguinte documentación:

-Declaración xurada de outras axudas concedidas para a mesma finalidade por outras administracións ou entes públicos ou privados

-Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da axuda así como da realización do gasto subvencionado e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida (modelo que se facilitará ao efecto)

-Consonte ao artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3000 euros, non se esixirán certificacións acreditativas de estar ao corrente no pagamento de débedas coa Seguridade Social, Facenda Estatal e Autonómica. Non obstante, deberá presentarse novamente a declaración de non ter débedas con estas administracións e sí se esixirá o certificado de débedas co Concello de Xove.

D.16) APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE FIN DE ESTUDIOS PARA O CURSO 2012-2013.

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local das bases reguladoras de premios extraordinarios de fin de estudos para o curso 2.012-2.013, coas modificacións aprobadas pola Comisión Informativa Especial, celebrada con data 4 de outubro de 2012.

A Xunta de Goberno Local, enterada, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) A aprobación das Bases Reguladoras dos Premios Extraordinarios de Fin de Estudos para o curso 2012-2013, que de seguido se transcriben:

PROPOSTA DE ALCALDÍA.-

Vista a Ordenanza xeral de subvencións aprobada provisionalmente polo Concello Pleno na súa sesión de 19 de decembro de 2011.

Vistas as Bases Reguladoras da concesión de axudas e bolsas ao estudo do Concello de Xove.

Visto que se considera conveniente efectuar a convocatoria de ditas subvencións unha vez comezado o curso 2012-2013,DISPOÑO

ÚNICO. Que previa emisión de informe de Secretaría con relación ao procedemento e a Lexislación aplicable para convocar e conceder as axudas descritas, e informe de intervención en relación á existencia de crédito para a atención do gasto derivado da concesión das

CONCELLO DE XOVE

mesmas, de ser ámbolos dous informes favorables, se proceda á aprobación das meritadas bases e á convocatoria das axudas para o presente exercicio 2012.

Efectúese igualmente retención do crédito dispoñible na correspondente partida do Estado de Gastos.

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DE BOLSAS E AXUDAS AO ESTUDO PARA O CURSO 2012-2013.-

1.- Entidade adxudicadora

- a.- Organismo: Xunta de Goberno Local do Concello de Xove
- b.- Departamento que tramita o expediente: Departamento de Servizos Sociais

2.- Obxecto

- Concesión de bolsas e axudas ao estudo para o curso escolar 2012-2013

3.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das axudas, aquelas persoas que, reunindo os requisitos que esixen as Bases reguladoras da concesión de bolsas e axudas ao estudo, cursen os seguintes estudos:

- **Modalidade 1.-** Bolsas e axudas ao estudo universitario.
- **Modalidade 2.-** Bolsas e axudas para ciclos formativos que cursen especialidades que non existan en Xove, San Cibrao, Viveiro ou Burela.
- **Modalidade 3.-** Axudas para alumnos minusválidos físicos ou psíquicos que asistan a clases de educación especial ou a terapias de estimulación.
- **Modalidade 4.-** Axudas para compra de material escolar.
- **Modalidade 5.-** Axudas para estudos de doutoramento.

4.- Forma de adxudicación da concesión da subvención: Concorrencia non competitiva. Esta convocatoria tramitarase polo procedemento establecido no artigo 19.2º da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, tendo en conta que, polo obxecto e finalidade das axudas non será necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparelado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

5.- Orzamento.- A contía prevista para esta actuación na presente convocatoria é 40.000 euros con cargo á aplicación 324.481 do orzamento do presente ano 2012.

6.- Contía das axudas.- O Concello de Xove abonará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases por alumno ou alumna segundo a renda per cápita familiar (englobando os ingresos de todos os membros da unidade de convivencia) que consta na declaración do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas presentada no ano da solicitude.

As dotacións das bolsas son as seguintes:

1.-Modalidade 1.- Bolsas e axudas ao estudo universitario, dotadas con 1.200,00 € cada unha, cunha contía mínima de 100,00 €

2.-Modalidade 2.- Bolsas e axudas para ciclos formativos que cursen especialidades que non existan en Xove, San Cibrao, Viveiro ou Burela, dotadas con 600,00 € cada unha, cunha contía mínima de 100,00 €

3.-Modalidade 3.- Axudas para alumnos minusválidos físicos ou psíquicos que asistan a clases de educación especial ou a terapias de estimulación, dotadas con 750,00 € cada unha

4.-Modalidade 4.- Axudas para compra de material escolar, coa seguinte dotación:

a.- Preescolar: 65,00 €

b.- Primaria e ESO: 60,00 €

CONCELLO DE XOVE

c.- Bacharelato: 125,00 €

d.- Ciclos formativos: 125,00 €

5.- Modalidade 5.- Axudas para doutoramento, dotada con 1.200,00 €.

7.- Gastos subvencionables.- Son subvencionables os gastos nos que se incorre pola realización dos estudos a que se fai referencia no punto 3 da presente convocatoria.

8.- Presentación de solicitudes de subvención

Data límite de presentación de solicitudes: O prazo de presentación das solicitudes será de 31 días hábiles contados a partir do 15 de outubro, entendéndose como último día hábil para a presentación de solicitudes o 20 de novembro. Este prazo poderá ser prorrogado, excepcionalmente por Resolución motivada do Sr. Alcalde-Presidente, sen que en ningún caso a duración de dita prórroga poida exceder de 10 días.

Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado da documentación esixida nas bases reguladoras da presente convocatoria.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Xove. Camiño Real, s/n; 27880, Xove (Lugo)

Asímesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

9.- Resolución do procedemento: Xunta de Goberno Local, previo informe-proposta do Departamento de Servizos Sociais. Non obstante, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e con carácter previo á celebración da sesión da Xunta de Goberno e para a valoración das solicitudes presentadas, reunirse a Xunta Municipal de Portavoces, asistida pola Traballadora Social, Interventora Municipal, ou persoas en quen deleguen, levantándose Acta polo Secretario Municipal.

10.- Xustificación e pagamento .- O pago das bolsas e axudas realizarase mediante cheque ou transferencia bancaria, en función das disponibilidades da tesourería municipal, unha vez que a Xunta de Goberno Local adopte acordo aprobatorio da concesión das mesmas.

Será requisito indispensable para o libramento da axuda aportar a seguinte documentación:

- Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Xove.
- Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado
- Certificación expedida pola entidade bancaria no que conste o número de conta e titular da mesma.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos, obrigas e condicións necesarias para a obtención da bolsa, no modelo normalizado.

11.- Obrigas dos beneficiarios da subvención.- Son obrigas dos beneficiarios de bolsas ou axudas ao estudo as seguintes:

- 1.- Consignar fielmente a documentación e os datos esixidos nas presentes Bases
- 2.- Destinar a bolsa ou axuda á finalidade para a que se concede, entendéndose por tal a matriculación, asistencia a clases, presentación de exames, aloxamento, estancia, pago de tributos e demais obrigas.
- 3.- Non ocultar calquera fonte de renda, o que poderá dar lugar á denegación da bolsa ou axuda solicitada.
- 4.- De revogarse a concesión dunha bolsa ou axuda ó estudo, o beneficiario estará na obriga de reintegrar as cantidades recibidas.
- 5.- A presentación da solicitude obriga ó solicitante á aceptación das Bases que rexen o procedemento.
- 6.- Someterse ás actuacións de comprobación que, en relación coas axudas concedidas, se practiquen polo órgano concedente.

12.- Outras informacións .- No Departamento de Servizos Sociais do Concello de Xove.

Teléfono: 982.59.20.01

CONCELLO DE XOVE

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE BOLSAS E AXUDAS AO ESTUDO DO CONCELLO DE XOVE

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de atender ou contribuir a satisfacer as necesidades efectivas dos estudantes segundo as súas circunstancias socioeconómicas e académicas, no exercicio das facultades conferidas pola normativa vixente e, en especial pola Lei 7/85, de 2 de abril, formúlase as presentes bases que regulan as bolsas e axudas ao estudo do Concello de Xove.

PRIMEIRA.- definición do obxecto

As bolsas e axudas ao estudo reguladas nas presentes bases teñen por obxecto atender a sufragar os gastos derivados do aloxamento, material e pago das taxas ou prezos de quen se atope realizando estudos, coas dotacións máximas e demais condicionantes que se fixan nas bases posteriores.

Aos efectos das presentes Bases, enténdese por Bolsa ou Axuda ao estudo “toda cantidade ou beneficio que o Concello de Xove conceda a quen desexe realizar ou se atope realizando estudos para a súa promoción educativa, cultural ou profesional, de acordo coas presentes bases e para os cursos académicos a que se refiran as respectivas convocatorias”

As modalidades de bolsas e axudas ao estudo son as seguintes:

- Modalidade 1.- Bolsas e axudas ao estudo universitario.
- Modalidade 2.- Bolsas e axudas para ciclos formativos que cursen especialidades que non existan en Xove, San Cibrao, Viveiro ou Burela.
- Modalidade 3.- Axudas para alumnos minusválidos físicos ou psíquicos que asistan a clases de educación especial ou a terapias de estimulación.
- Modalidade 4.- Axudas para compra de material escolar.
- Modalidade 5.- Axudas para estudos de doutoramento.

SEGUNDA.- Crédito Orzamentario

A contía máxima destinada ás presentes axudas é de 40.000,00 € (partida 324.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal).

Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparellado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

TERCEIRA.- criterios de valoración

Sempre e cando se reúnan os requisitos establecidos para cada unha das dúas liñas de axuda existentes, exceptúase o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas non sendo necesario polo tanto a comparación entre as mesmas, co límite do crédito orzamentario existente para a convocatoria.

CUARTA.- contía das axudas

O Concello de Xove abonará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases por alumno ou alumna segundo a renda per cápita familiar (englobando os ingresos de todos os membros da unidade de convivencia) que consta na declaración do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas presentada no ano da solicitude.

As dotacións das bolsas son as seguintes:

- 1.-Modalidade 1.- Bolsas e axudas ao estudo universitario, dotadas con 1.200,00 € cada unha, cunha contía mínima de 100,00 €.
- 2.-Modalidade 2.- Bolsas e axudas para ciclos formativos que cursen especialidades que non existan en Xove, San Cibrao, Viveiro ou Burela, dotadas con 600,00 € cada unha, cunha contía mínima de 100,00 €.

CONCELLO DE XOVE

- 3.-Modalidade 3.- Axudas para alumnos minusválidos físicos ou psíquicos que asistan a clases de educación especial ou a terapias de estimulación, dotadas con 750,00 € cada unha.
- 4.-Modalidade 4.- Axudas para compra de material escolar, coa seguinte dotación:
 - a.- Preescolar: 65,00 €.
 - b.- Primaria e ESO: 60,00 €.
 - c.- Bacharelato: 125,00 €.
 - d.- Ciclos formativos: 125,00 €.
- 5.-Modalidade 5.- Axudas para doutoramento, dotada con 1.200,00 €.

QUINTA.- cálculo das axudas

1.- Para o cálculo da contía a obter en concepto de bolsa nas modalidades 1 e 2 tomarase en consideración a seguinte fórmula:

- $A + (B-A) * (\text{Renda a considerar} - \text{Renda mínima}) / (\text{Renda máxima} - \text{Renda mínima})$
- Donde A= 1.200,00 e para a modalidade 1 e 600,00 € para a modalidade 2
- Donde B= 100,00 € para ámbalas dúas modalidades 1 e 2
- Donde Renda mínima= 5.000,00 € para a modalidade 1 e 4.500,00 € para a modalidade 2
- Donde Renda máxima = 6.000,00 € para ámbalas dúas modalidades 1 e 2.

SEXTA.- renda per cápita familiar

- 1.- Enténdese por renda per cápita familiar, a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade computables.
- A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.
- 2.- A renda per cápita familiar non poderá superar as contías establecidas para cada unha das modalidades de bolsas e que a continuación se relacionan:
 1. Modalidade 1: 6.000,00 €. As rendas inferiores a 5.000,00 € percibirán a axuda máxima de 1.200,00 €, contía que irá diminuindo progresivamente de acordo coa fórmula a que se refire o apartado 3 e ata o máximo de 6.000,00 € de renda, que percibirán 100,00 €.
 2. Modalidade 2: 6.000,00 €. As rendas inferiores a 4.500,00 € percibirán a axuda máxima de 600,00 €, contía que irá diminuindo progresivamente de acordo coa fórmula a que se refire o apartado 5 e ata o máximo de 6.000,00 € de renda, que percibirán 100,00 €.
 3. Modalidade 3: Sen límite
 4. Modalidade 4: 4.500,00 €
 5. Modalidade 5: 6.000,00 €

No caso da modalidade 1, o límite incrementarase a razón de 500,00 € por cada fillo universitario adicional.

3.- Enténdese por unidade familiar a unidade de convivencia, de acordo cos datos extraídos do Padrón municipal de habitantes.

SÉTIMA.- requisitos dos solicitantes

Os interesados na concesión dunha bolsa ou axuda ao estudo deberán cumprir o requisito de empadramento e residencia efectiva do núcleo familiar no Concello de Xove cunha antigüidade mínima de tres anos, salvo no caso de independencia do solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requirirá o empadramento e residencia efectiva persoal.

Ademais, no caso das axudas da Modalidade 1 de bolsas e axudas ao estudo universitario, é condición indispensable non ter máis de dúas asignaturas suspensas de cursos anteriores, sempre e cando o alumno estea matriculado dun curso completo ou dun número de asignaturas non inferior a cinco. E así proporcionalmente ao número de asignaturas.

Asímesmo, para o disfrute das axudas da modalidade 5 de doutoramento deberá acreditarse documentalmente un gasto superior á cantidade a conceder.

OITAVA.- documentación a presentar polos solicitantes

CONCELLO DE XOVE

- a.- Impreso de solicitude.
- b.- Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F. do solicitante.
- c.- Fotocopia do Libro de Familia.
- d.- Certificado de empadramento e convivencia.
- e.- Certificado ou acreditación de estar matriculado nos estudos para os que se solicita a axuda.
- f.- Copia compulsada da declaración da renda de tódolos maiores de idade da unidade familiar. Caso de non estar obrigados a presentar tal declaración, presentáranse nóminas ou certificacións acreditativas dos ingresos obtidos durante o pasado ano, así como certificación da AEAT de non atoparse dentro do censo de declarantes. Para o caso de ingresos que non podan ser demostrados documentalmente, requirirase unha declaración xurada do solicitante.
- g.- Xustificante das contías das pensións que se perciban por parte dalgún membro da unidade familiar.
- h.- Notas acadadas no curso anterior, con excepción de educación infantil e primaria.

Os ingresos a computar serán:

- Cando se presente declaración da renda; a parte xeral da renda do período
- Cando non hai declaración da renda: nóminas ou certificacións de empresas
- A estes ingresos engadíranse no seu caso, as pensións de carácter non asistencial (excluíndo polo tanto P.N.C., RISGA...) percibidas por calquera membro da unidade familiar.
- A presentación da solicitude de bolsa ou axuda implicará a autorización ó Concello de Xove para obter calquera tipo de información a través de entidades públicas ou privadas, sobre os datos do solicitante e a súa unidade familiar necesarios para determinar a obtención ou non da bolsa ou axuda.

NOVENA.- *prazo e lugar de presentación de solicitudes*

Os interesados en acceder ás bolsas e axudas deberán solicitálas no impreso normalizado facilitado polo Concello. As solicitudes atoparanse a disposición dos interesados e poderán presentarse nas dependencias de Servizos Sociais do Concello e dirixirase ao Alcalde-Presidente do Concello de Xove.

O prazo de presentación das solicitudes será de 31 días hábiles contados a partir da data que se determine en cada convocatoria. Este prazo poderá ser prorrogado, excepcionalmente por Resolución motivada do Sr. Alcalde-Presidente, sen que en ningún caso a duración de dita prórroga poida exceder de 10 días. Asímesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

DÉCIMA.- *instrución, tramitación do procedemento*

- 1.- As solicitudes de axudas reguladas nas presentes Bases deberán conter toda a documentación que nas mesmas se regula. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, requirirase á persoas solicitante para que no prazo de 5 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos.
- 2.- A instrución do procedemento corresponderá ao Departamento de Servizos Sociais, órgano que ditará o Informe-Proposta de Resolución debidamente motivada, que en cada caso proceda e que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución.
- 3.- A resolución notificarse aos interesados de xeito ordinario e concederáselles un prazo de 10 días para a presentación de alegacións. Prescindirase deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos ou

CONCELLO DE XOVE

outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva.

- 4.- As propostas de resolución provisionais e definitivas non crean ningún dereito a favor da persoa beneficiaria proposta, fronte á administración, mentres non se lle notificara a resolución definitiva de concesión.
- 5.- A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas corresponderá á Xunta de Goberno Local. Non obstante, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e con carácter previo á celebración da sesión da Xunta de Goberno e para a valoración das solicitudes presentadas, reunirse a Xunta Municipal de Portavoces, asistida pola Traballadora Social, Interventora Municipal, ou persoas en quen deleguen, levantándose Acta polo Secretario Municipal.

UNDÉCIMA.- modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación e reintegro, se fose o caso.

DUODÉCIMA.- tramitación e pago.

O pago das bolsas e axudas realizarase mediante cheque ou transferencia bancaria, en función das dispoñibilidades da tesourería municipal, unha vez que a Xunta de Goberno Local adopte acordo aprobatorio da concesión das mesmas.

Será requisito indispensable para o libramento da axuda aportar a seguinte documentación:

- Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Xove.
- Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado
- Certificación expedida pola entidade bancaria no que conste o número de conta e titular da mesma.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos, obrigas e condicións necesarias para a obtención da bolsa, no modelo normalizado.

DÉCIMOTERCEIRA.- compatibilidades

As distintas axudas e bolsas serán incompatibles entre sí coas seguintes excepcións:

- A modalidade 2 será compatible coa modalidade 4.

DÉCIMOCUARTA.- obrigas dos beneficiarios

Son obrigas dos beneficiarios de bolsas ou axudas ao estudo as seguintes:

- Consignar fielmente a documentación e os datos esixidos nas presentes Bases
- Destinar a bolsa ou axuda á finalidade para a que se concede, entendéndose por tal a matriculación, asistencia a clases, presentación de exames, aloxamento, estancia, pago de tributos e demais obrigas.
- Non ocultar calquera fonte de renda, o que poderá dar lugar á denegación da bolsa ou axuda solicitada.
- De revogarse a concesión dunha bolsa ou axuda ó estudo, o beneficiario estará na obriga de reintegrar as cantidades recibidas.
- A presentación da solicitude obriga ó solicitante á aceptación das Bases que rexen o procedemento.
- Someterse ás actuacións de comprobación que, en relación coas axudas concedidas, se practiquen polo órgano concedente.

DÉCIMOQUINTA.- verificación e control

As adxudicacións de bolsas ou axudas ó estudo poderán ser revogadas total ou parcialmente, se teña aboado ou non o seu importe, no caso de descubrirse que na súa concesión concurríuse en ocultación ou falseamento de datos.

Co fin de determinar os mecanismos máis adecuados de estimación real de rentas, situación económica ou situación académica real dos solicitantes aos efectos de adxudicación de bolsas ou axudas, e co mesmo fin, aos efectos de poder obter a información da situación real dos solicitantes ou beneficiarios de bolsas ou axudas, a presentación da solicitude implicará a

CONCELLO DE XOVE

autorización ó Concello de Xove para solicitar e obter de organismos públicos ou privados que se consideren oportunos a información necesaria para resolver a adxudicación da axuda ou bolsa. Para intensifica-lo control que evite o fraude na documentación examinada para obter a bolsa, o Concello poderá determinar que se da ocultación a que se refire o apartado anterior por calquera medio de proba e, en particular, mediante os datos que obren en poder de calquera órgano das Administracións Públicas.

DÉCIMOSEXTA.- *protección de datos de carácter persoal*

A presentación dunha solicitude de axuda por traballadores/as ou empresarios/as supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas. A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

As modalidades 5 e 6 reguladas nas Bases que rexeron o procedemento de concesión de axudas ao estudo para o curso 2011-2012, serán obxecto de convocatoria independente, de acordo coa súa natureza finalista, unha vez rematado o correspondente curso escolar.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

As presentes Bases permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º) Aprobar as bases reguladoras da concesión de Bolsas e Axudas ó Estudo do Concello de Xove.
- 2º) Proceder á convocatoria pública das bolsas e axudas ó estudo para o curso 2012-2013 de acordo coas anteriores bases regulamentadoras.
- 3º) Autorizar o gasto de 40.000 € con cargo á partida 324.481 do Estado de Gastos para o exercicio de 2012.
- 4º) Ordear a súa publicación na páxina web municipal, e mediante anuncios no taboeiro de editos do concello, ou calquera outro medio.

D.17) SOLICITUDE DA S. D. XOVE FÚTBOL-SALA DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS.

Visto o escrito presentado pola S. D. Xove Fútbol Sala con CIF: G-27396241 e domicilio en Avda. Diputación, 88 (27870 Xove).

Visto que na Base 42 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2012 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clubes por importe de 4.500,00€.

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 43. Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 412.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º) O libramento da axuda de carácter nominativo ou directo prevista nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para 2012, a favor da Sociedade Deportiva Xove Fútbol Sala, para o desenvolvemento de categorías, competición e curso de fútbol sala e por importe de 4.500€.
- 2º) De acordo coa Base 44ª das de Execución do Orzamento Municipal para 2012, o libramento en concepto de pagamento anticipado, do 70% do importe da axuda, que ascende a 3.150 €. Caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

CONCELLO DE XOVE

- 3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.
- 4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 46º das de Execución do Orzamento Municipal para 2012 o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
- Facturas ou copias cotexadas das mesmas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.

Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para ...” . Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo receptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- 4) Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)
- 5) No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.
- 6) Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove (para axudas de importe igual ou superior a 3000 euros) Para axudas inferiores a 3000 euros presentarse novamente a declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- 7) Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- 8) Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así coma a realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida.
- 9) Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente.

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

CONCELLO DE XOVE

D.18) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO SOCIAL DE A CAMBA-XUANES DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a. Susana Mariño Parapar, con D.N.I. nº 76.569.629 F, con enderezo no Camba, 22 (27877 Xuances), na que manifesta que durante o período comprendido entre o 01/03/2012 ó 31/08/2012, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto o sinalado no contrato no que se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 3.000€ e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.500€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as once horas e quince minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.